

DIXITALIZACIÓN DA CADEA DE VALOR DA IXP TERNERA GALLEGA (MR331B FEADER 2022-007B)

O obxectivo principal foi o desenvolvemento dunha plataforma que permite aos usuarios da IXP Ternera Gallega visualizar, a través do portal web Dixitema.com, información detallada sobre os diferentes mercados que ofrecen datos de relevancia para o sector.

A plataforma encárgase de capturar datos de cotizacións de diferentes mercados semana a semana. Unha vez capturados no formato de cada orixe, transfórmaos e unifícaos nun formato común consultable e exportable.

Tras a captura e estandarización dos datos, a plataforma realiza análises de forma automática para reflectir a evolución e incorpora un servizo de predición dos valores futuros nos diferentes mercados, que só se encontrará visible para os usuarios rexistrados na plataforma.

A información preséntase organizada en varias seccións:

- **Resumo:** páxina principal cos valores máis actualizados
- **Vistas de mercados:** conxunto de tres seccións onde se amosan os prezos para varios mercados relevantes:
 - Mercado de canal
 - Mercados de recría
 - Mercados de alimentación
- **Información sobre IXP Ternera Gallega:** información sobre a cotización das diferentes tipoloxías de animais, a cantidade de animais dispoñibles, a evolución dos nacementos, baixas e sacrificios.
- **Información adicional de interese:** normativas, axudas, subvencións, razas, entre outros.